

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (EXTRAÍDO- ANEXO II DA PXA DO CURSO 2020\_21).

En agarda de actualización e aprobación definitiva do Plan de Convivencia (polo que se poderían establecer tamén cambios no referente a este apartado), as medidas de atención á diversidade, están establecidas no PEC, en concreto, no punto 01.06 - A FORMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Os mecanismos, procedementos e criterios para establecer estas medidas detállanse no doc 02. NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO, concretamente no apartado 02.04.04 - PROCEDEMENTO DE IMPLANTACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Estes puntos e apartados citados, ademais de estar recollidos no PEC da maneira que se acaba de expoñer, tamén o están nun documento único que é o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) que se somete á revisión cada curso.

Este curso temos en funcionamento, de momento, as seguintes medidas de atención á diversidade:

- **Reforzos educativos de materia** que así o decida o docente que a imparta.
- **Reforzos educativos** ao alumnado con **exención da 2ª lingua estranxeira**. Están deseñados programas de reforzo de exención de matemáticas en 1º da ESO e de lingua galega e matemáticas en 2º da ESO.
- **Apoios individualizados de Pedagogía Terapéutica**.
- 4 alumnos/as con **Adaptacións Curriculares Significativas** para os que tamén se promoverá o informe de seguemento trimestral (ambos documentos tamén deberán quedar custodiados nos propios departamentos das materias adaptadas).
- 1 grupo de **PMAR** de 2º curso (grupo de referencia de 3º ESO) (Programa solicitado e implantado no noso centro dende o curso 2016-17)

Ademáis, este curso, por mor da incidencia da COVID, dende o equipo directivo, propúxose a comezos de curso, para reducir ao máximo a mobilidade do alumnado entre grupos e que un mesmo profesor/a puidera asumir varias materias (por si se producise un novo confinamento), promover, en 1º da ESO, os **ámbitos (Científico Técnico e Linguístico Social)** en detrimento dos agrupamentos específicos que tivemos nos niveis de 1º, 2º e 3º en cursos anteriores.

Decidiúse ademáis, para modular a non existencia destes agrupamentos, que se realizase previa selección de alumnado, establecer (como así se fixo), **reforzos de materia** (lingua castelá e matemáticas) **en lugar da materias optativas**, tamén en 1º e 2º.

Finalmente, o centro, para tratar de paliar as posibles dificultades xurdidas tamén pola incidencia da COVID, acolleuse á iniciativa do **Programa ARCO** (Apoio, Reforzo das Competencias e Orientación) para o alumnado de 1º e 4º da ESO e 1º de BAC (pendente de comezar, éste último nivel, no 2º trimestre).

Este curso, igual que os anteriores, teremos que prestar especial atención ao procedemento de incorporación do alumnado á Formación Profesional Básica e aos Programas de Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR) así como á importancia que ten establecer os Consellos Orientadores emitidos polos equipos docentes ao finalizar o curso para evitar, na medida do posible, que se produzan eleccións erróneas que poidan supoñer un posible abandono ou fracaso escolar de determinados/as alumnos/as.

Todas as actuacións que se propoñen, poden sufrir algunha variación e/ou modificación ao longo do curso.

*S POBRA DO CARAMIÑAL*  
Xobre, 2215940-A Pobra do Caramiñal  
**Teléfono:** 881867064 Fax: 881867077  
**Correo electrónico:** ies.pobra.caraminal@edu.xunta.es  
**Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/lespobracaraminal/>

